

I Xornadas TADEGa 2007. “Novos recursos tecnolóxicos para a atención á diversidade e a procura da accesibilidade”

Data

Sábado 28 de abril do 2007.

Horario

- 1ª parte: dende as 10 horas ata as 14 h.
- Comida de hirmandade de 14 h. a 16'30 h.
- 2ª parte: dende as 16'30 h. ata as 18 h.

Lugar

MUPEGA (Museo Pedagóxico Galego).
San Lázaro, n.º 107
15781 Santiago de Compostela
A CORUÑA

Organiza


- TADEGa (Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega). (www.tadega.net).

Colaboran

- CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia).
- MUPEGA (Museo Pedagóxico Galego).
- ONCE (Organización Nacional de Cegos Españois).
- Secretaría Xeral da Consellería de Educación e OU da Xunta de Galicia.

Descrición

As primeiras xornadas de TADEGa (Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega) están destinadas principalmente aos membros deste foro aberto dando a benvida tamén a quen teña interese en participar activa e colaborativamente no desenvolvemento dos seus contidos segundo o programa que se xunta. Dado o seu carácter extraordinario por mor do recén nacemento deste grupo, teñen 2 eixos fundamentais: por unha banda, compartir as últimas novidades de interese no mundo das tecnoloxías con repercusión sobre a atención á diversidade no ensino galego, e pola outra, a descrición polo miúdo do ata agora feito por TADEGa así como unha concretización de como abordar os seus proxectos máis inmediatos.



Prezo

Non se cobra ningunha cantidade en concepto de gastos, uso de sala, nin matrícula, xa que estes conceptos quedan cubertos grazas á colaboración do MUPEGA e da Secretaría Xeral de Consellería.

Cada asistente deberá facerse cargo dos seus gastos de desprazamento.

Quen asista ao café e á comida de hirmandade deben abonar a súa parte correspondente. (Menú sinxelo nun restaurante/cafetería da zona).

Matrícula

Quen desexe matricularse e non sexa membro de TADEGa, deberá remitir solicitude por correo electrónico ao coordinador das xornadas, Juan José Fernández García no enderezo juan@tadega.net facendo constar nome e apelidos completos, NIF, lugar de traballo e indicando se queda a comer ou non.

A confirmación da matrícula queda condicionada á dispoñibilidade do aforo das instalacións do MUPEGA.

Aos asistentes se lles emitirá constancia escrita de participación (sen validación por organismo público) expedida por TADEGa.

Programa

10.00 h. Inauguración das Xorndas.

10.10 h. TADEGa hoxe.

- Presentación de TADEGA, obxectivos e o feito ata agora.
- Contidos actuais: web, foro, bitácora, chat, azos con outras entidades, etc.
- Formación de áreas de traballo e desenvolvemento.

10.45 h. TADEGa mañán.

- Proxectos en preparación.
- Debate aberto de suxerencias e propostas.

11.45 h. Café.


12.15 h. Noticias e talleres de recursos educativos para traballar en rede ou accesibles dende Internet:

- Accesibilidade web.
- E-learning.
- Bitácoras, a web 2.0. e experiencias con PDI.
- Jaws en galego e accesibilidade para persoas con discapacidade visual.
- Novidades do portal educativo da Consellería na atención á diversidade.
- Traducción de recursos educativos ao galego (Aumentativa.net e CalWab).

14.00 h. Comida de hirmandade.

16.00 h. Debate aberto e conclusións.

18.00 h. Clausura das xornadas.



Memorándum

Que é TADEGa

TADEGa (Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega) é un foro de profesionais maioritariamente galegos de distintos campos profesionais implicados na Educación e, dun xeito especial, na Atención á Diversidade, é dicir:

- A discapacidade.
- A multiculturalidade.
- O mundo do maior.
- O mundo rural.
- A sobredotación.
- A marxinalidade social.

E todo un longo etc. que abrangue a todas as persoas que, os que se cren normais chaman diferentes, (aínda que na realidade tal distinción é absurda e discriminatoria).

O caso é que as TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) veñen sendo unha nova ferramenta á vez que medios de comunicación múltiples e, no lugar de axudar á integración de todos, aínda incrementan a segregación de quen non poden acceder a elas por causa dos nosos deficientes e discriminatorios deseños.

O noso obxectivo é dobre: por un lado rachar esta fenda dixital (así é como se chama esta inxusta situación) e, pola outra: investigar, fomentar, compartir, debater, deseñar, adaptar e propor as ferramentas, as maneiras, e os métodos para obter o mellor proveito destas tecnoloxías dixitais nos campos educativos nos que estamos a traballar.

Este é o noso compromiso, e este traballo sempre nos terá entretidos e ocupados; o labor sempre estará inacabado; a mellora sempre é posible.

Un ABC en TADEGa

O noso compromiso céntrase en que a realidade educativa galega para a atención á diversidade optimice ao máximo as oportunidades que a tecnoloxía dixital pode ofrecer en cada momento, e non en base ao noso protagonismo, senón a partires do que entre todos poidamos ir descubrindo e compartindo.

Somos moitos e de orixes moi dispaes, non só educadores; inmeros en problemáticas moi distintas. Ninguén ten a razón e canto máis diferentes e diversos sexamos, mellor.

Non estamos aliñados con ningún credo. Valoramos a nosa liberdade de opinión e actuación e, polo tanto, a nosa disparidade de procedencias e de formas de ser. É máis, cremos que canto máis diferentes e plurais sexamos, máis cerca estaremos de atopar tesouros ricos, aínda que nos custe máis traballo facelo. Non cremos na tecnoloxía como fármaco, senón como ferramenta: é un instrumento máis no noso traballo diario, pero un instrumento ao que debemos, hoxe, prestarlle unha especial atención.

A dificultade non está tanto no coñecemento e o dominio da ferramenta canto, máis ben, na complexidade para integrala nos currículos, nos espazos físicos, ou nos tempos e ritmos de aprendizaxe; pero non como un pegón acabado de chegar e de mal acomodo, senón como parte integral do plan de centro (ou o seu equivalente na institución que o acolle e da soporte). Nunca pechados sobre nós mesmos crendo que o noso embigo é o mundo, senón co deleite da pluralidade do encontro con todos.